

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

EXTRACTO da Orde do 23 de decembro de 2020 pola que se anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2020/21 (código de procedemento PL500B).

BDNS (Identif.): 544241.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Persoas beneficiarias

Os centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de nivel non universitario, sexan persoas físicas ou xurídicas, que cumpran os requisitos e as condicións que se establecen nesta orde.

Segundo. Obxecto

O establecemento de subvencións para a realización de proxectos de fomento do uso do galego dos centros privados de ensino de Galicia, promovidos polos equipos de dinamización da lingua galega e polo profesorado responsable do proxecto naqueles centros de ensino que contén con menos de seis unidades, durante o curso escolar 2020/21 (PL500B).

Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 23 de decembro de 2020 pola que se anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2020/21 (código de procedemento PL500B).

Publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.



Cuarto. *Contía*

Importe total da convocatoria: 23.833 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2020

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

CVE-DOG: cxvhv7a3-qpa7-nir7-iv39-iev3cs9zcas0

